

## OFERTA DE EMPREGO 2021 PRESENTADA NA MESA SECTORIAL DO 5 DE MARZO DE 2021

Na Mesa Sectorial do 5 de marzo de 2021 o SERGAS vén de presentar o cadro de prazas que se incluírán no Decreto de oferta de emprego do SERGAS para o ano 2021.

Nel só se ofertan 1203 prazas porque se continúa aplicando unha taxa de reposición (110% para o ano 2021) que perpetúa a temporalidade e por tanto a precariedade laboral na sanidade pública galega.

**CIG-Saúde** solicitamos que se contabilizasen todas as vacantes existentes no SERGAS, estivesen ou non ocupadas por persoal interino. A Administración un ano máis mantén estas ofertas de emprego limitadas, que a pesares de que a pandemia veu a demostrar o esencial que é para a sociedade a sanidade pública, nin sequera foi quen de trasladar ao Goberno do Estado a eliminación da taxa reposición para o sector da sanidade.

CATEGORÍA	2021		
	TOTAL	D.X.	D.I.
Calefactor/a	7		
Celador/a	220	11	15
Conductor/a	3		
Costureiro/a	5		
Electricista	8		
Enfermeiro/a	604	32	
Enfermeiro/a especialista en Enfermaría de Saúde Mental	10	1	
Enfermeiro/a especialista en Enfermaría Familiar e Comunitaria	10	1	
Enfermeiro/a especialista en Enfermaría Pediátrica	7		
Enxeñeiro/a Técnico/a	9		
Fisioterapeuta	20	1	
Fontaneiro/a	7		
Grupo Auxiliar da Función Administrativa	155	8	10
Lavandeiro/a	12	1	
Matrón/a	17	1	
Mecánico/a	2		
Médico/a coordinador/a do 061	2		
Médico/a de familia de atención primaria	60	3	
Odontólogo/a de atención primaria	3		
Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información	4		
Técnico/a especialista de sistemas e tecnoloxías da información	2		
Técnico/a superior en dietética e nutrición	5		
Técnico/a superior en documentación sanitaria	13	1	
Traballador/a social	18	1	
<b>TOTAL PRAZAS INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO 2021</b>	<b>1203</b>		